

Asunto: alegacións á modificación da RPT do Concello de Arteixo

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela (CP 15702), enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO:

Desde principios deste ano o Concello de Arteixo ten vacante a súa praza de técnica de normalización lingüística (TNL) por xubilación da súa titular, praza que figura na relación de postos de traballo (<https://i.gal/V4Mb5>) publicada no BOP da Coruña do 2 de xullo de 2018 como “normalizador/” (código 2B020), persoal laboral do grupo A2 adscrito ao Servizo de Promoción Económica e Turismo. Ante a vacante neste posto, que supón a interrupción do servizo de normalización lingüística no Concello de Arteixo, a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) presentou un **escrito o 28 de xaneiro de 2020**, a través do rexistro electrónico, **no cal solicitaba a cobertura da praza de TNL** co fin de evitar os prexuízos para o concello e para o labor de normalización lingüística que supón a paralización da prestación deste servizo (achegamos esta solicitude como **anexo I**).

No BOP do 4 de febreiro de 2020, o Concello de Arteixo publica o acordo adoptado polo Pleno da Corporación celebrado o 30 de xaneiro de 2020 sobre **modificación puntual da relación de postos de traballo** (<https://i.gal/RH33I>). Neste acordo determínase **etiquetar o posto de “normalizadora lingüística” (sic, código 2B020) como “a extinguir”**, sen ningunha aclaración respecto da súa reclasificación noutra categoría laboral, mudanza na súa denominación ou calquera outro motivo. Esta modificación da RPT supón de feito a eliminación do servizo de normalización lingüística.

O Concello de Arteixo conta cunha **Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Arteixo** (<https://i.gal/Fw3uu>), aprobada en 1998, onde se regula o uso da

lingua na institución e a súa promoción a través dun **servizo de normalización lingüística** como “**soporte técnico ao proceso de normalización lingüística** no Concello de Arteixo” (artigo 17).

As entidades locais de Galicia teñen entre as súas competencias a normalización lingüística, é dicir, a promoción do uso e do prestixio da lingua galega en todos os ámbitos de influencia da entidade. Así o aclararon (<https://i.gal/vhRBp>) en 2018 a Dirección Xeral da Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa redacción e difusión do *Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia* (achegamos este documento como **anexo II**).

As ferramentas de traballo das administracións públicas para exercer as súas funcións son os **equipos técnicos especializados**; no caso das competencias en materia de promoción da lingua, o departamento técnico de que debe dotarse un concello é o servizo de normalización lingüística, que se encargará, entre outras funcións, de asesorar a entidade en política lingüística e de **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística** (incluímos como **anexo III** a relación de funcións dun servizo de normalización lingüística).

A ordes de axudas de subvencións para a creación e mantemento de SNL que convocan a Xunta de Galicia (a última no DOG do 29 de marzo de 2019: <https://i.gal/BxhXq>) e a Deputación Provincial da Coruña (a máis recente foi publicada no BOP da Coruña do 5 de febreiro de 2020: <https://i.gal/yFm6C>) inclúen a devandita relación de funcións e establecen como **perfil profesional da persoa responsable do servizo o seu encadramento dentro do grupo I de cotización do réxime xeral da Seguridade Social** (co requirimento de titulación correspondente).

En relación con isto formulo as seguintes **alegacións** ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación celebrado o 30 de xaneiro de 2020 sobre modificación puntual da relación de postos de traballo:

- **A extinción da praza de técnico/a de normalización lingüística supón a supresión do servizo de normalización lingüística do Concello de Arteixo.** Esta supresión entra **en contradición co que establece a Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Arteixo**, que fai referencia a un servizo de normalización lingüística como “soporte técnico ao proceso de normalización lingüística no Concello de Arteixo” (artigo 17).
- Por outra parte, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral da Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, aclarou que **unha das competencias das entidades locais é a normalización da lingua** e que para exercela pode **contar con departamentos técnicos especializados**, os servizos de normalización lingüística.
- En todo caso, a única modificación que é preciso realizar na relación de postos de traballo respecto desta praza debe ser unha **reclasificación no grupo A1**, de acordo cos perfís que teñen as prazas deste tipo noutras administracións locais e para cumprir os requisitos que establecen as ordes de axudas para a creación e mantemento de servizos de normalización lingüística tanto da Deputación Provincial da Coruña coma da Xunta de Galicia.

Solicito que calquera notificación en relación con estas alegacións nos sexa dirixida preferentemente por correo electrónico ao enderezo info@ctnl.gal.

Pontevedra, 19 de febreiro de 2020

Anexos:

- I. Solicitud de continuación do SNL do Concello de Arteixo e xustificante da presentación telemática.
- II. Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia
- III. Relación de funcións dun servizo de normalización lingüística